

## QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA?



## QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA?

Información e consellos para os pais  
en caso de emerxencia externa orixinada  
polo risco tecnolóxico



## Información xeral

### QUE FARÁ O COLEXIO A QUE VAN OS VOSOS FILLOS SE SE PRODUCE UNHA EMERXENCIA?

Aínda que o colexio/instituto non está directamente afectado, seguirá a planificación establecida no Plan de Autoprotección Escolar. As autoridades estarán en contacto permanente cos colexios e avisarán das accións que haxa que empender en función da evolución da emerxencia.

### QUE FARÁN OS PAIS SE SE PRODUCE UNHA EMERXENCIA?

Non ir buscar os nenos ao colexio, xa que dispón do seu propio plan de actuación.

A mellor recomendación é seguir as indicacións das autoridades, que porán en marcha o Plan de Emerxencia Exterior para informar a poboación.

## Accidentes que poden ocorrer

**Fuga de gas.** As áreas que quedan a favor do vento poden verse afectadas por unha nube de gas.

**Explosión.** Os edificios próximos poden quedar afectados pola proxección de elementos.

**Incendio.** Pode comportar queimaduras por radiación térmica ou molestias a causa dos fumes.

## Que poden solicitar as autoridades?

### CONFINAMENTO

É a acción de pechase nun local totalmente illado do exterior, preferentemente sen ventás, e con todos os seus accesos pechados e selados para evitar a entrada de aire. É a medida de seguridade máis indicada.

### EVACUACIÓN

É a acción de traslado dun grupo de persoas afectadas por unha emerxencia a un lugar establecido.

Pode utilizarse en casos excepcionais e sempre serán as autoridades ad que indiquen a súa necesidade e o lugar en que deben concentrarse as persoas para ser evacuadas.



# Accións que farán os vosos fillos na escola

## EN CASO DE CONFINAMIENTO (MEDIDA HABITUAL)



### Entrarán na escola

Os profesores e os alumnos pecharanse nas aulas.



### Os profesores comprobarán a lista de asistencia

Se faltase algún alumno, o centro escolar farállelo saber ás autoridades.



### Se se trata dunha fuga de gas

Pecharán as portas e as ventás.  
Desconectarán a ventilación.



### Se se trata dun estoupido

Aínda que sempre será de baixa intensidade, se hai perigo de estoupido, protexerán os cristais das ventás facendo unha cruz con cinta adhesiva. Baixarán as persianas. Refuxiaranse nas salas interiores.



### Escoitarán a radio,

que ofrecerá a información necesaria.

## O centro escolar seguirá a planificación establecida

## EN CASO DE EVACUACIÓN (MEDIDA EXCEPCIONAL)



### Esperarán instrucións das autoridades para organizar a evacuación

Os profesores e alumnos acudirán ata o punto de reunión establecido por Protección Civil.



As autoridades facilitarán o transporte ao centro de recepción despois de que os profesores fixesen o reconto no punto de reunión.



### As autoridades contactarán coas familias dos evacuados

Unha vez no centro de recepción, as autoridades poranse en contacto coas familias dos evacuados.

## As autoridades avisarán ao centro cando teña pasado o perigo



# Que tedes que facer os pais?

## EN CASO DE CONFINAMENTO



### **Pechádevos rapidamente**

Se estades na rúa, refuxiádevos no edificio máis próximo.

E se xa estades nun, quedádevos no seu interior. Continuade no edificio de confinamento ata que volo digan as autoridades.



### **Non saíades ao exterior**

Se ides a buscar os nenos á escola, expoñédesvos innecesariamente ao perigo.

Os profesores coidarán dos vosos fillos.



### **Pechade as portas e as ventás**

Dende o interior, correde as cortinas e selade as ventás. Apagade todas as instalacións (ventilación, calefacción, etc).



### **Non acendades lume**

Non fumedes nin acendades ningún tipo de chispa.



### **Escoitade a radio**

As emisoras públicas daravos toda a información precisa sobre a evolución da emerxencia.



### **Non utilicedes o teléfono**

Non chamedes por teléfono á escola. Débense deixar as liñas libres para os servizos de emerxencia.



### **Por precaución,**

respirade a través dun pano de man mollado.

## EN CASO DE EVACUACIÓN

As autoridades organizarán o transporte ao punto de reunión e ao centro de recepción.

## A PREVENCIÓN DO RISCO QUÍMICO EN GALICIA

### MEDIDAS DE AUTOPROTECCIÓN NUNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA

- Se oes un sinal de aviso, péchate na casa. Estarás máis protexido
- Pecha portas, ventás e toda entrada de aire do exterior
- Non utilices o teléfono, deixa as liñas libres para as autoridades
- Evita fumar, non acendas lume, candeas nin luces de gas
- Afástate das ventás e cristaleiras
- Escoita as instrucións das autoridades na radio

Para máis información: <http://hhh.rr.vxr.org>

